



INSCRICIÓN DA EMPRESA NA SEGURIDADE SOCIAL

Toda persoa que por primeira vez vaia contratar a traballadores, deberá solicitar a súa inscrición no Sistema da Seguridade Social como empresa antes do comezo da actividade. Coa inscrición asígnase ao empresario un número para a súa identificación que se considera o Código de Conta de Cotización.

O empresario, no momento de solicitar a inscrición debe facer constar, na propia solicitude, ou na declaración anexa, a entidade xestora e/ou a entidade ou entidades colaboradoras polas que opta tanto para a protección das continxencias de traballo e enfermidades profesionais como para a cobertura da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

Os documentos formalizados manterán a súa vixencia polo período dun ano, debendo coincidir, en todo caso o seu remate co último día do mes e entenderanse prorrogados por períodos de igual duración, salvo denuncia en contrario.

Lugar de tramitación

> Administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social .

Prazos

>Previo á contratación de traballadores.

Documentación

- > Modelo TA.6 - Solicitude Código de Conta de Cotización Principal.
- > Fotocopia DNI do empresario ou documento análogo en caso de estranxeiros.
- > Fotocopia do Imposto de Actividades Económicas.
- > Documento de Declaración respecto da protección dos Accidentes de Traballo así como a protección da cobertura da prestación económica por Incapacidade Temporal, facendo constar se opta pola Seguridade Social ou por unha Mutua Patronal.

Observacións

> Coas fotocopias deben presentarse os orixinais para a súa compulsa pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Simultaneo co alta do primeiro traballador.

> O empresario deberá solicitar un Código de Conta de Cotización en cada unha das provincias nas que exerza a súa actividade, e tamén para identificar colectivos con peculiaridades de cotización se os houbese.

> Esta inscrición será única e válida para toda a vida da persoa física ou xurídica titular da empresa.